

SONORA 08

Primavera
9/10 abril

organiza



colabora



“A **Universidade de Vigo** consolida a súa **aposta pola cultura** en xeral e **pola música contemporánea** en particular. **Sonora** é unha boa mostra deste **interese musical** crecente”.

“O obxectivo co que naceu este espazo musical segue vixente: **optar pola música de calidade**, **optar polas propostas máis emocionantes** e **optar pola contundencia do directo**”.

“**Coma sempre... o mellor festival para compartir sen moderación**”.

*M^o del Carmen Cabeza
Vicerreitora de Extensión Cultural e Estudantes*

SR. CHINARRO 17.30 h.
09 abril. Teatro da Cidade Universitaria

Falar do Sr. Chinarro é falar dun dos mellores artistas do underground español de todas as épocas. Despois de moitos anos de carreira e discos que pasaron a ter a palabra "clásico" pegada, Sr. Chinarro encóntrase no seu mellor momento.

Tra-lo aclamado "El Fuego Amigo" -mellor disco nacional para Rockdelux, segundo mellor para Rolling Stone, terceiro para Mondosonoro, etc...- chega este "El Mundo Según" coa produción de Jordi Gil e cunha gravación en Sevilla que contou coa nova banda de apoio dun Sr. Chinarro que ofrece unha cara máis amistosa, luminosa e vital.

Antonio Luque, alterego de Sr.Chinarro, combina neste "El Mundo Según" [Mushroom Pillow] o seu mellor repertorio: poesía, humor, boas maneiras e cancións memorables ao longo de doce exquisitos temas onde todas as fotos do universo Chinarro son posibles, cargando os seus temas de intención e escapando de tópicos.



THE RADIO DEPT. 18.45 h.
09 abril. Teatro da Cidade Universitaria

The Radio Dept. é un dos mellores grupos de pop que deu a canteira sueca nos últimos anos, e unha das grandes esperanzas da escena independente internacional.

Gozan do recoñemento unánime da crítica e público, o que lles levou a participar con dúas cancións na B.S.O. de María Antonieta de Sofia Coppolla, compartindo cartel con grupos como New Order, Air ou The Strokes, ou a facer campañas de Gucci entre outras cousas.

Formados en 1995 na súa Lund natal cando eran adolescentes, The Radio Dept saltan á fama coa publicación do seu primeiro LP, "Lesser Matters" [Labrador-2003], nun dos catálogos máis exquisitos do panorama musical actual.

Dende entón a estrela de The Radio Dept. non parou de medrar, impulsada polas boas críticas que os seus sucesivos Ep's e mini-Lp's recibiron na prensa especializada e pola repercusión que tivo a publicación do seu segundo LP, "The Worst Taste in music" [Labrador-2006].

O seu persoal estilo de misturar o synth pop máis delicado e orfebre (Field Mice, Pet Shop Boys, Saint Etienne) con influencias shoegaze (Slowdive, My Bloody Valentine) e engadindo o new wave (Joy Division, Human Lique ou The Smiths) fan deles un cocktail que lles levou a xirar por medio planeta, de Lima a Helsinki... dende Suecia para o mundo.



NADADORA 17.30 h.
10 abril. Teatro da Cidade Universitaria

O segundo álbum de Nadadora será con toda seguridade o da súa consagración definitiva entre as bandas máis importantes do panorama independente do pop español. A carreira ascendente dos galegos, chea de pequenos éxitos e dos grandes discos -omini CD "Aventuras dentro de cajas" [Jabalina 2004] e o álbum "Todo el frío del mundo" [Jabalina 2005]- que foron medrando a súa fama, veuse confirmada con "Hablaremos del miedo" [Jabalina 2007].

A novidade máis importante no "Hablaremos de miedo" ven pola introducción de instrumentos de corda e vento, así como de arranxos orquestais na boa parte dos temas do disco, que acrecentan o toque épico nos momentos áxidos das composicións de Nadadora e que lles coloca nos mesmos parámetros musicais de bandas como The Delgados ou Stars. Unha nota diferencial con respecto a anteriores traballos que contan trasladar ao directo e que sen dúbida favorecerá a súa innata facilidade para converter en pequenos himnos, algunha das cancións incluídas neste disco.

E que poucos grupos como Nadadora conseguen tocar a fibra sensible do público dese xeito e conectar con él con tanta facilidade. Concertos como o do FIB 2006, Contempopranea 2005, El Sol (Madrid) en febreiro de 2006 o La Fábrica de Chocolate (Vigo) no outubro de 2006, así o demostran.



En Marzo de 2008 anuncian a aparición dun novo Ep "La química que nos une" [Jabalina 2008] que sairá a luz en Abril do mesmo ano, con 5 remezclas de "Hablaremos del miedo" a cargo de xente de Standard, Dorian ou Souvenir, entre outros, e dous temas novos inéditos.

LUCKY SOUL 18.45 h.
10 abril. Teatro da Cidade Universitaria

Lucky Soul teno todo para namorar aos entusiastas da época dourada do pop, na que a melodía, a inspiración, a elegancia e a frescura xuvenil estaban por enriba de calquera outra consideración.

O grupo xira ao redor do encanto e a fragilidade da súa vocalista Ali Howard, herdeira das mellores voces femininas do pop sesentero do seu país (a lista sería interminable, pero basta con nomear a Dusty Springfield ou a Sandie Shaw) e as cancións compostas polo guitarrista Andrew Laidlaw, cheos de frescura e inmediatez; algo que fai que Lucky Soul estén no punto de mira de tódolos que gostan dunha canción pop de dous minutos e medio, acordes sinceros e estribillo inesquecible. O grupo presentará en directo os temas do seu álbum de debut, "The great unwanted", publicado en España por Elefant Records.

Sr. Chinarro. 09 abril. 17.30 h.
The radio dept. 09 abril. 18.45 h.
Nadadora. 10 abril. 17.30 h.
Lucky Soul. 10 abril. 18.45 h.

Teatro da Cidade Universitaria
Campus Universitario de Vigo
*entrada libre ata completar aforo

